

Soledad Rodríguez Hermo

Miña avoa (1946)

Miña avoa chámase **Soledad Rodríguez Hermo**, e naceu no 1946 en Aro.

Naceu nunha familia humilde sen moito diñeiro nin recursos, e ademais diso sufrían moita fame por culpa da posguerra. Así que tiveron que emigrar a Venezuela e comezar alí unha nova vida. Cando chegaron asentáronse nunha casa, e grazas ao esforzo e traballo dos seus pais miña avoa puido ir á escola por primeira vez con doce anos.

Vivir en Venezuela naquela época era moi vantaxoso, alí era todo máis tranquilo, e ela puido facer cousas que nunca fixera, como probar por primeira vez a laranxa e o plátano. Mais non todo era bo. Na escola os demais nenos ríanse e metíanse con ela polo simple feito de falar galego. Malia isto era feliz, porque polo menos nunca pasaba fame.

Estudou na escola ata os quince anos, e a partir dese momento traballou nunha fábrica de costura durante tres anos. Alí facían roupa que logo se vendía nas tendas.

Cando cumpriu dezaioito anos casou con meu avó, o cal tamén tivera que emigrar por mor da posguerra. Aos dezanove anos deu a luz a súa primeira filla, miña tía, á cal chamou Margarita, e aos vinte e dous a segunda, miña nai, Esperanza.

Despois de ter xa dúas fillas deixou de traballar na fábrica de costura e



dedicouse ás tarefas do fogar. En 1977 viñeron de volta a España, e asentáronse na casa dos pais do meu avó.

En 1980, cando miña avoa tiña trinta anos, meu avó abriu un almacén de madeira chamado “Maderas Mayo”, que se atopaba no baixo dun edificio que eles compraran. Eles viviron no primeiro piso e o resto alugárono para sacar uns cartos.



O tempo pasou e todo ía ben. Margarita tivo un fillo ao que chamou Daniel, que converteu a miña avoa en avoa por vez primeira, e dous anos despois outro ao que chamou David. E por fin, uns cantos anos máis tarde, miña nai tívome no 2003. Todo era fermoso para ela, agora era avoa de tres netos, pero un tempo despois todo mudou. En marzo de 2015 meu avó faleceu e todo se volveu gris. Ela e mais as súas fillas e netos pasárono fatal e choraron moito pola súa perda. Mais co paso do tempo e a axuda das persoas que os querían puideron ser felices outra vez.

A partir daquela miña avoa pasou por moitas operacións de pernas e cadeiras para poder camiñar con normalidade e sen dor, e agora, xa no 2018, todo volve ser fermoso para ela, e vive no primeiro piso do mesmo edificio que comparte con nós.

Adrián Arasa Mayo 3°C